



ANTEPROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE MODIFICA O DECRETO 146/2001, DO 7 DE XUÑO, SOBRE PLANIFICACIÓN, APERTURA, TRASLADO, PECHE E TRANSMISIÓN DE OFICINAS DE FARMACIA

A Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica, regula no seu artigo 18 a planificación das oficinas de farmacia e no 19 a autorización de novas oficinas de farmacia establecendo que a adxudicación das ditas oficinas outorgarase mediante concurso público convocado coa dita finalidade.

En desenvolvemento do previsto na citada lei, a Consellería de Sanidade ditou o Decreto 146/2001, do 7 de xuño, sobre planificación, apertura, traslado, peche e transmisión das oficinas de farmacia. Este decreto regula no seu Título II o procedemento para a autorización e adxudicación de novas oficinas de farmacia, establecendo os órganos da Consellería de Sanidade que teñen atribuída a competencia nesta materia, así como o réxime xurídico ao que estará suxeito. O devandito procedemento prevee, no que respecta ao acceso á titularidade das novas oficinas de farmacia, a realización dun concurso público conforme aos principios de publicidade e transparencia e mediante criterios obxectivos de selección que garantan a concorrencia competitiva.

A experiencia no concurso previo realizado cos criterios establecidos neste decreto, así como as demandas dos profesionais farmacéuticos e dos seus respectivos colexios profesionais, puxeron de manifesto diversos problemas relacionados, entre outros, coa adxudicación das oficinas nas delimitacións territoriais elixidas e co propio baremo, que determinaron unha gran prolongación no tempo ata o remate definitivo do concurso, e ocasionaron a caducidade da adxudicación dalgunhas oficinas de farmacia que non chegaron a abrir, así como o desaxuste entre a experiencia necesaria para o desempeño profesional na titularidade dunha oficina de farmacia e o perfil dos adxudicatarios finais.

Por este motivo, a administración sanitaria considera necesario proceder á modificación do Decreto 146/2001, do 7 de xuño, en especial da súa Sección segunda do Capítulo II do Título II. A finalidade desta modificación é fundamentalmente establecer un novo procedemento para a adxudicación das novas oficinas, que se seguirá a realizar por concurso público pero nun acto único ao que están chamados a concorrer todos os participantes, e no que cada un deles presentarase a todas as oficinas convocadas, con prazos mais axustados, e sobre todo, atendendo a un baremo que, respectando e tendo en conta os criterios que se recollen no artigo 19.4 da Lei 5/1999, do 21 de maio, como son a experiencia profesional, os méritos académicos, a formación de posgraduado, o coñecemento da lingua galega e as medidas de fomento, mantemento e creación de emprego, dea prioridade á experiencia profesional en oficina de farmacia como primeiro elemento valorable.

Polo tanto, o presente decreto derroga o Anexo do Decreto 146/2001, do 7 de xuño, no que se regula o baremo de méritos para a adxudicación de novas



oficinas de farmacia, que pasará a ser recollido e publicado na convocatoria do correspondente concurso público de adxudicación de novas oficinas de farmacia.

Finalmente, o decreto que se aproba establece as novas condicións para as transmisións das oficinas de farmacias adxudicadas por este procedemento, prolongando o período mínimo para poder ser transmitidas ata os 15 anos.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Sanidade, de acordo co/oído o Consello Consultivo, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día XX

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Decreto 146/2001, do 7 de xuño, sobre planificación, apertura, traslado, cerramento e transmisión de oficinas de farmacia*

O Decreto 146/2001, do 7 de xuño, sobre planificación, apertura, traslado, cerramento e transmisión de oficinas de farmacia queda modificado como segue:

Un. O artigo 13 queda redactado como segue:

“Artigo 13. Criterios de Selección

Aos efectos deste decreto, enténdese por criterios de selección aqueles que, sen ser requisitos legalmente esixibles para ser propietario/a ou titular dunha oficina de farmacia aberta ao público, se establecen co único fin de escoller obxectivamente as solicitudes que se presenten aos procedementos de autorización de novas oficinas de farmacia.

O concurso público convocado resolverase segundo o baremo que se xunte na súa convocatoria, pero que en todo caso haberá de ter en conta a experiencia profesional, os méritos académicos, a formación de posgraduado, o coñecemento da lingua galega e as medidas de fomento, mantemento e creación de emprego, tal e como se determina no artigo 19.4 da Lei 5/1999, do 21 de maio”.

Dous. O artigo 22 queda redactado como segue:

“Artigo 22. Acordo de inicio de procedemento de adxudicación e convocatoria de concurso público

1. A Secretaría Xeral Técnica da Consellería competente en materia de Sanidade acordará por resolución o inicio da fase de adxudicación das oficinas de farmacia autorizadas e a convocatoria do correspondente



concurso público. Esta fase de adxudicación terá unha duración máxima de seis meses.

2. O dito acordo publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería competente en materia de Sanidade incluíndo, a lo menos, os seguintes datos:

a) Zona farmacéutica ou entidade colectiva de poboación na que se autoriza a apertura dunha nova oficina de farmacia, con indicación da delimitación territorial concreta para a súa instalación.

b) Número total de oficinas de farmacia abertas ao público así como o número das autorizadas para instalarse na dita zona farmacéutica ou entidade colectiva de poboación.

3. As persoas interesadas en participar no concurso disporán de 20 días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación da convocatoria de concurso no *Diario Oficial de Galicia*, para presentar a súa solicitude, a cal deberá ter carácter individual.

4. En ningún caso poden solicitar a adxudicación dunha oficina de farmacia os/as farmacéuticos/as titulares dunha oficina de farmacia da mesma zona farmacéutica na que se pretenda abrir a nova. Así mesmo, non poderán presentar a súa solicitude os/as farmacéuticos/as que estean inhabilitados/das ou incapacitados/das para o exercicio da profesión por sentenza xudicial firme penal ou civil.

5. O concurso que se convoque para a adxudicación de oficinas de farmacia será único, entendéndose que cada participante o fai á totalidade das farmacias convocadas.

As solicitudes, deberán ir acompañadas dos seguintes documentos:

a) Copia do NIF da persoa solicitante no caso de que non se autorice a súa consulta ou documento equivalente no caso de persoas estranxeiras.

b) Título de licenciado/a graduado/a en Farmacia no caso de que non se autorice a súa consulta .

c) Relación detallada dos méritos alegados e que sexan susceptibles de valoración en relación ao determinado no baremo aplicable

d) Acreditación do pago da taxa correspondente.

6. As solicitudes, dirixidas á Secretaría Xeral Técnica da Consellería competente en materia de Sanidade, poderán presentarse no seu Rexistro Central, nos das súas Xefaturas Territoriais e nos demais órganos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

7. Por acordo da Secretaría Xeral Técnica da Consellería competente en materia de Sanidade, a proposta da Comisión de Valoración, regulada no artigo 23, determinarase a lista provisional de solicitudes admitidas.

O dito acordo, con inclusión da lista, farase público mediante anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería competente en materia de Sanidade.



8. As persoas interesadas disporán dun prazo de dez días desde a súa publicación para formular as correspondentes reclamacións ou presentar, no seu caso, a documentación que se lles solicite. Resoltas as reclamacións, publicarase e anunciará na mesma forma establecida no punto 7 anterior, a lista definitiva das persoas admitidas.

Esta resolución conterá tamén o requirimento ás persoas concursantes admitidas para a aportación da documentación acreditativa dos méritos relacionados na súa solicitude, nun prazo máximo de 10 días”.

Tres. O artigo 23 queda redactado como segue:

“Artigo 23. *Valoración de méritos*

1. A valoración dos méritos das persoas concursantes levarase a cabo por unha Comisión de Valoración que se constituirá ao efecto, e que terá en conta o baremo establecido na convocatoria do concurso público para a adxudicación de novas oficinas de farmacia na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Así mesmo, os/as membros designados para esta comisión serán determinados nesa convocatoria, e a súa composición farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería competente en materia de Sanidade”.

Catro. Engádese un artigo 24.bis:

“Artigo 24.bis *Acto público de elección de oficinas de farmacia e constitución de garantía*

1. A elección de oficina de farmacia farase nun acto público, mediante chamamento individual das persoas concursantes segundo a orde obtida na lista definitiva de puntuacións, comezando coas de maior puntuación. As persoas concursantes poden asistir a este acto persoalmente ou mediante representante legal debidamente acreditado.

2. A celebración do acto público de elección farase ante a comisión de valoración que ao comezo dará a coñecer a delimitación territorial das oficinas de farmacia obxecto de elección, que serán as fixadas na convocatoria do concurso.

3. A continuación farase o chamamento individual das persoas concursantes segundo a orde de puntuación da lista definitiva. Cada participante poderá optar a unha das oficinas de farmacia que non foran elixidas polos anteriores. A persoa concursante de máis alta puntuación escollerá a farmacia que desexa lle sexa adxudicada de entre as convocadas. Formalizada así a súa elección, procederase no mesmo acto e de igual modo coa participante seguinte no listado de puntuación e así sucesivamente ata a adxudicación do total das farmacias convocadas ou o esgotamento da lista de participantes.



4. O acto finalizará cando estean elixidas todas as oficinas convocadas, ou no seu defecto, unha vez realizado o chamamento de todas as persoas concursantes. Unha vez finalizado, levantarase acta na que se fará constar o resultado.

5. Á vista do acta, ditarase resolución de adxudicación provisional de novas oficinas de farmacia, na que figurará a lista das persoas que resultaran adxudicatarias provisionalmente, así como a delimitación territorial da oficina de farmacia elixida por cada unha delas, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da consellería competente en materia de Sanidade.

6. Co fin de garantir a viabilidade e correcta tramitación do procedemento de apertura, os/as farmacéuticos/as que resultaran adxudicatarios/as provisionais de oficinas de farmacia, disporán dun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte da publicación da resolución de adxudicación provisional, para acreditar documentalmente ter constituído garantía suficiente para cubrir o importe de 3.000 euros. A dita garantía poderá ser constituída:

a) Mediante depósito en metálico ante a Tesourería Xeral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Mediante aval bancario solidario a favor da Comunidade Autónoma de Galicia

7. Os/as adxudicatarios/as provisionais que non constitúan a garantía no prazo indicado quedarán excluídos/as do procedemento de autorización convocado. Neste caso, as ditas oficinas de farmacia pasarán a ser ofertadas de novo aos/ás concursantes seguintes segundo a orde na lista definitiva de puntuacións, por única vez, polo que se convocará un novo acto de elección que se levará a cabo conforme o disposto nos apartados anteriores.

8. A garantía será reintegrada ao/á titular da adxudicación, unha vez que se produza a apertura ao seu nome da nova farmacia. O desistimento ou renuncia inustificada, a falta de apertura ou o acta desfavorable de apertura do local, unha vez transcorrido o prazo para a emenda dos defectos, significará a perda da garantía”.

Cinco. O artigo 25 queda redactado como segue:

“Artigo 25. *Resolución do concurso de adxudicación*

1. Analizadas pola Comisión de Valoración as reclamacións que no seu caso formulasen, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade ditará, a proposta da Comisión de Valoración, unha resolución pola que se aproba a lista dos concursantes coas respectivas puntuacións definitivas.

Contra a dita resolución poderá interpoñerse un recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería competente en materia de Sanidade.

2. A dita resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería competente en materia de Sanidade. Esta mesma



resolución indicará lugar, data e hora na que se celebrará o acto público de elección de oficinas de farmacia.

3. A comisión de Valoración, unha vez transcorrido o prazo para a constitución da garantía, e a segunda volta se a houbese, elaborará unha proposta que elevará á Secretaría Xeral Técnica da Consellería competente en materia de Sanidade, quen ditará resolución de adxudicación definitiva das novas oficinas de farmacias, que se publicara no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería competente en materia de Sanidade. Esta resolución conterá as novas farmacias adxudicadas e as oficinas de farmacia convocadas pero non adxudicadas.

4. As oficinas de farmacia convocadas e non adxudicadas, así como as que pechen na Comunidade Autónoma de Galicia, por haber obtido os/as seus/súas titulares unha nova autorización, serán tidas en conta na actualización do mapa farmacéutico e se analizará a pertinencia de seren incorporadas ao seguinte concurso”.

Seis. Suprímese o artigo 27.

Sete. O artigo 29 queda redactado como segue:

“Artigo 29. *Designación de local*

Resolto o concurso, requirirase a cada unha das persoas ás que se lles adxudicase, por resolución firme en vía administrativa, a autorización para unha nova oficina de farmacia, para que no prazo máximo de dous meses designen o local no que proxectan instalar a oficina de farmacia, debendo remitir á Xefatura Territorial da Consellería competente en materia de Sanidade correspondente á provincia na que se situará a oficina de farmacia, a seguinte documentación:

- a) Xustificación documental da dispoñibilidade xurídica do local
- b) Croquis que mostre a localización do local coas coordenadas de xeolocalización correspondentes, no que se indique a delimitación territorial ou parroquia, sinalando as rúas e vías colindantes
- c) Certificación redactada por técnico/a competente e visada polo seu correspondente colexio profesional, relativa ao local no que se pretende instalar a nova oficina, axeitada ao disposto no artigo 16 da Lei 5/1999, do 21 de maio, na que se especifique o estado no que se atopa a construción do local designado, superficie útil dispoñible, distribución, plantas que ocupa e características para o seu acceso desde a vía pública, que terán en consideración a normativa sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas que lle sexan de aplicación. Así mesmo, especificará a situación e a distancia coas oficinas de farmacia mais próximas e os centros e servizos sanitarios públicos.
- d) Plano a escala do local proposto en relación ao edificio do que forma parte.



e) Xustificante de ter aboado a taxa correspondente”.

Oito. O artigo 30 queda redactado como segue:

“Artigo 30. *Extinción, caducidade e prórroga*

1. A renuncia expresa, a falta de designación de local ou a ausencia da documentación requirida no prazo indicado, suporá a perda da adxudicación así como da garantía constituída.

2. No caso de que a persoa adxudicataria designase un local que, por causa non imputable a ela incumpra algún dos requisitos esixidos, concederáselle unha única prórroga de un mes, contado desde a data na que se lle comunique dita circunstancia, para que proceda a designar un novo local. Se non o fixese ou o novo local tampouco cumpra os requisitos, perderá a adxudicación e a garantía constituída”.

Nove. Engádese un artigo 32.bis:

“Artigo 32. bis. *Transmisións intervivos*

A transmisión a outro/a farmacéutico/a dunha oficina de farmacia autorizada por este procedemento, so poderá levarse a cabo cando leve aberta ao público 15 ou mais anos, agás nos supostos de xubilación, declaración xudicial de ausencia, ou incapacitación legal do/a farmacéutico/a titular, nos que o/a titular terá que nomear unha persoa rexente nos termos previstos no artigo 12 da Lei 5/1999, do 21 de maio. En caso de falecemento, a oficina autorizada por este procedemento quedará vacante e poderá adxudicarse nun novo concurso”.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Queda derogado o Anexo do Decreto 146/2001, do 7 de xuño, sobre planificación, apertura, traslado, peche e transmisión de oficinas de farmacia.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, XX de XXXX de 2017

Alberto Nuñez Feijoo
Presidente

Jesús Vazquez Almuiña
Conselleiro de Sanidade